

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA VINTE E TRES DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZ.

No Concello de Láncara, sendo as dezasete horas trinta minutos do día vinte e tres de febreiro de dous mil dez, reúnese no Salón de Sesiós o Concello Pleno, para tratar os asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia dos Sres. Concelleiros: D. José Manuel Neira Castro, D. José Manuel Álvarez Rodríguez , D. Andrés Manuel Caballero López , D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. Carlos Fernández Díaz, D. Arturo Sobrado Castro, D. José Manuel García Aldegunde , D. Celestino Rodríguez González, D. Dario A. Piñeiro López e D. Carlos Santiago López Sierra.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa de Secretario o titular D. José López Castro.

Aberto o acto pola Presidencia ,dáse conta dos seguintes asuntos:

1º.-LECTURA E APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS:

- CINCO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL NOVE.**
- CINCO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL NOVE.**
- DEZAOITO DE DECEMBRO DE DOUS MIL NOVE.**

2º.-DECRETOS Nº 273 A 294 DE DECEMBRO DE 2009 E 1 A 26 DE 2010.

3º.-PERSOAL:

- A).-RETRIBUCIÓNS PERSOAL ANO 2010.**
- B).-ESCRITO DE Mª TERESA LÓPEZ PERNAS, TRABALLADORA SOCIAL, SOBRE RECOÑECIMENTO 6 TRIENIO.**

4º.-ESCRITO DE Dª LAURA PRIETO VARELA E D. ARTURO SILVOSA PEREZ, SOBRE HONORARIOS PROXECTOS “REHABILITACIÓN DA ANTIGUA CASA CONSISTORIAL PARA CENTRO DE INTERPRETAICÓN HISTORICA E DA PONTE DE CARRACEDO”.

5º.-PANEIS INFORMATIVOS:

ESCRITOS DE ALEGACIÓNS DE:

- 1.-MONICA PENAS PENAS, DIRECTORA DE XSTIÓN E SERVIZOS XERAIS FUNDACIÓN PUBLICAURXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061.**

2.-JOSE MANUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ, EN CALIDADE DE PRESIDENTE DA “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DO MUNICIPIO DE LANCARA”.

3.-DOMINGO ABUIN GARCIA, EN CALIDADE DE ADMINISTRADOR E EN REPRESENTACIÓN DA VISUAL SOPORTS PARA COMUNICACIÓN S.L.

6°.-ADHESIÓN Ó CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.

7°.-ESCRITO DO DIRECTOR XERAL DO IGVS, SOBRE DECRETO 1/2010 DE 8 DE XANEIRO, POLO QUE SE REGULA O REXISTRO ÚNICO DE DEMANDANTES DE VIVENDA DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA,

8°.-ESCRITO DE JUAN JOSÉ LÓPEZ MAGDALENA, SOBRE CESIÓN DO LOCAL DA ESCOLA DE LAGOS PARA “LOCAL SOCIAL”.

9°.- “ABASTECEMETNO DE AUGA A LAMA “, 3ª FASE , AUMENTO DE OBRA.

10°.- ESCRITOS DE MARIA LUISA RODRÍGUEZ LÓPEZ:

A) DENUNCIA PLANTACIÓN DE PINOS NAS FINCAS “O CASTRO “ E “O AGRO”.

B) DENUNCIA SOBRE INCUMPRIMENTO DE ACORDO XUDICIAL EN RELACION A EXECUCIÓN DO CAMIÑO DE LAXES.

11°.-RECOÑECEMENTO EXTRA XUDICIAL DE OBRIGAS, EXERCICIO 2009 , A PAGAR CON CARGO Ó ORZAMENTO DO ANO 2010.

12°.-MOCIÓNS

A)BNG:

-MANIFESTO “GALIZA TEN DEREITO” A FAVOR DA FUSIÓN DAS CIAXAS GALEGAS.

-PROXECTO DE “REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA COSISTORIAL DE CARRACEDO PARA CENTRO DE INTERPRETACIÓN HISTÓRICO DE LÁNCARA”.

B)PSG.PSOE:

-MOCIÓN DO CONCELLEIRO ARTURO SOBREADO CASTRO, PARA SOLICITAR Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E INFRAESTRUCTURAS A SEÑALIZACIÓN DE LÁNCARA-POBRA DE SAN XIAO NO CORREDOR.

-MOCION SOBRE A CREACIÓN DUNHA MESA DE CONTRATCIÓN DE PERSOAL.

-MOCION PARA INCLUIR A OBRA REHABILITACIÓN RECTORAL DE SAN PEDRO DE LÁNCARA NO PRÓXIMO OBRADOIRO DE EMPREGO.

13°.-ROGOS E PREGUNTAS.

1º.-LECTURA E APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN CELEBRADAS OS DÍAS:

-CINCO DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL NOVE. (ACTA CONSTITUCIÓN CORPORACIÓN)

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día cinco de novembro de dous mil noves, este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes.

-CINCO DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL NOVE (ACTA APROBACIÓN ORZAMENTO).

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día cinco de novembro de dous mil noves, este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes.

-DEZAITO DE DECEMBRO DE DOUS MIL NOVE.

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día dezaioito de decembro de dous mil noves, este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes.

2º.-DECRETOS Nº 273 A 294 DE DECEMBRO DE 2009 E 1 A 26 DE 2010.

Vista a relación de decretos, incorporando a maiores o 272.

Por parte do voceiro do PSG-PSOE, D. Dario A. Piñeiro López, quere facer duas manifestacións:

1º.-Que os decretos que veñan o Pleno esten asignado todos.

En relación a este asunto o Sr. Secretario manifesta que os decretos están todos asignados e no seu despacho e que no estan asignados xa que se sacan directamente do arquivo do ordenador para dar conta o Pleno.

2º.-Que quere facer unha salvedade os decretos 292 e 293 xa que entende que se aprobaron gastos por decreto, cando estes deberían ser aprobados pola Xunta de Goberno, segundo as delegacións feitas polo alcalde neste órgano o 5 de novembro do pasado ano.

Por parte do Sr. Secretario manifestase que se exceptúan os gastos recollidos nas bases de execución do orzamento e que teñen o límite de 1.000,00 €

Por unanimidade dase por enterado do contido dos mesmos.

3º.-PERSOAL:

A).-RETRIBUCIÓN PERSOAL ANO 2010.

Vista a Lei de Presupostos Xeral do Estado "Lei 26/2009 Lei de Presupostos Xerais do Estado para o 2010, de 23 de decembro.

Visto o contido dos artigos 22,24,25 e 28 e demais artigos concordantes de dita Lei.

Visto que no apartado tres do artigo 22 recollese a porcentaxe máxima que se pode destinar á aportación máxima de Plans de Pensións (0,5% da masa salarial).

Visto o apartado d) do artigo 24, onde se recollen as cuantías por grupos para a contribución individual ó plan de pensións.

Visto que no apartado un.b) do artigo 28, establece as cuantías das pagas extraordinarias, sendo a cuantía de cada unha de ditas pagas unha mensuralidade do soldo, trienios e complemento de destino, para os funcionarios, así como no apartado c) de dito precepto legal onde se recollen as cuantías referidas a 12 mesuralidades, o nivel do complemento de destino, no apartado d) do mesmo precepto legal onde se recolle o

complemento específico e a formula para calcular o mesmo xunto coas dúas pagas adicionais.

Vista a Resolución de 4 de xaneiro de 2010, da Secretaría de Estado de Facendas e Presupostos, publicada o día 05-xaneiro-2010, B.O. E. Nº 4, pola que dictan instrucción en relación coas nóminas de funcionarios, incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, de 2 de agosto, nos termos da disposición final 4ª da Lei 7/2007 de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e se actualizan para o ano 2010 as cuantías de retribucións do persoal a que se refiren os correspondentes artigos da Lei de Presuposto Xerais do Estado para dito exercicio.

Visto que o incremento das retribucións, coas salvedades antes expostas, é do 0,3%.

O Pleno, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Incrementa-las retribucións dos funcionarios, no 0,3% cantidades que fixa a Lei de Presupostos para o ano 2010.

2º.-Incrementa-las retribucións do persoal laboral, fixo, interino, temporal, etc. (Traballadora Social, persoal de axuda a domicilio, encargada da Oficina de Información Xuvenil, operario de limpeza de veiravías (tractorista) e operario de servizos múltiples (oficial)), no 0,3%, cantidades que fixa a Lei de Presupostos para o ano 2009.

3º.-Ó abeiro do establecido no artigo 24, apartado D, fixar a aportación individual ó Plan de Pensións dos Funcionarios, en función do nivel de cada quen, tal como se establece neste precepto, sempre co límite establecido no artigo 22. tres).

4º.-Recoñecer dúas pagas adicionais, para cada funcionario, equivalente ó complemento específico, como se establece no párrafo 2º do apartado 1.D) do artigo 28, que se cobraran unha en xuño e outra en decembro.

5º.-Establecer para o exercicio 2010 as cuantías da contribución individual ó plan de pensións de cada funcionario ou persoal laboral fixo, así como a Traballadora Social, según establecido no apartado un d) do artigo 24.

6º.-O acordado anterior basase na Lei de Orzamento do Estado para o 2010, ó estar recollido dentro desta Lei as retribucións dos funcionarios e persoal laboral das Administracións Locais.

7º.-Incrementarlle a D. Jesús Arias López, encargado do Xulgado de Paz, no 0,3% a gratificación aportada polo Concello, sin que a mesma teña ningún carácter de vinculación laboral, pasando a percibir 481,20 € mentres sexa compatible coa actual lexislación vixente, en materia de retribucións das Administracións Públicas, dando traslado deste acordo a Tesorería Xeral da Seguridade Social.

8º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

B).-ESCRITO DE Mª TERESA LÓPEZ PERNAS, TRABALLADORA SOCIAL, SOBRE RECOÑECIMENTO 6 TRIENIO.

Vistos o escrito presentado pola Traballadora Social Dª Mª Teresa López Pernas, polo que solicita o recoñecemento de 6 trienios, que cumpre o 01-04-2010.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Recoñecer o 6 trienio a Traballadora Social Dª Mª Teresa López Pernas, con efecto 01-05-2010, incrementando a retribución na cuantía mensual de 35,72 € incluídas as pagas extraordinarias.

2º.-Dar traslado deste acordo á interesada e a Xestoría, encargada de confeccionar as nóminas.

4º.-ESCRITO DE Dª LAURA PRIETO VARELA E D. ARTURO SILVOSA PEREZ, SOBRE HONORARIOS PROXECTOS “REHABILITACIÓN DA ANTIGUA CASA CONSISTORIAL PARA CENTRO DE INTERPRETACIÓN HISTORICA E DA PONTE DE CARRACEDO”.

Visto o escrito epigrafiado.

Vistas as notificacións efectuadas en forma regulamentaria a Dª Laura Prieto Varela e D. Arturo Silvosa Pérez, recibidas con data 22-01-2010.

Polo Sr. Alcalde manifesta que se reuniu con ámbolos dous e que non rebaixan nada.

Polo portavoz do PSG-PSOE, pon de manifestos que se deben pagar e que se deben facer as obras, xa que hai una subvención aprobada por Agader de 154.000,00 € e outra que se pode sacar da Deputación.

Por parte do Concelleiro do BNG pónse de manifesto que a obra debese facer, que ademias que se conta coa colaboración da Deputación, xestión que ivan facer el e o Alcalde sainte o día da moción de censura, pero seguen estando dispostos a poñer o diñeiro para que a obra se faga.

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que este asunto deberá tratarse polo Pleno, xa que é unha obra de moita envergadura, cousa que non se fixo e a financiación puidoa deixar arranxada o anterior Alcalde, e que as aportacións teñen que ser feitas de forma oficial, non de simple palabra.

Reiterando o Sr. Alcalde que non esta dacordo co que se proxecta facer nesa obra, polo que debe ser reformado o proxecto para que sexa viable.

Por parte do Sr. Secretario informase que en todo momento se deben ter encontra os prazos dados por Agader para facer as obras, e comprobar esto, xa que se pode estar fora de prazo para xustificar o gasto.

Debatido suficientemente este asunto

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Falar cos técnicos para reformar o anteprojecto, solicitando un presuposto conxunto destes traballos.

2º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

5º.-PANEIS INFORMATIVOS:

ESCRITOS DE ALEGACIONES DE:

1.-MONICA PENAS PENAS, DIRECTORA DE XESTIÓN E SERVIZOS XERAIS FUNDACIÓN PUBLICAURXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061.

2.-JOSE MANUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ, EN CALIDADE DE PRESIDENTE DA “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DO MUNICIPIO DE LANCARA”.

3.-DOMINGO ABUIN GARCIA, EN CALIDADE DE ADMINISTRADOR E EN REPRESENTACIÓN DA VISUAL SOPORTS PARA COMUNICACIÓN S.L.

Vistos os escritos de alegacións presentados por :

a)Mónica Penas Penas, directora de Xestión e Servizos Xerais Fundación Públicaurxencias sanitarias de Galicia 061.

b)José Manuel López Rodríguez, en calidade de Presidente da “asociación de comerciantes e empresarios do Municipio de Láncara”

c)Domingo Abuin García, en calidade de Administrador e en representación da Visual Soports para comunicación S.L.

Visto que estes paneis carecen de licenza municipal, tanto de obra como de actividade.

Visto igualmente que estes paneis debido a súa ubicación e as dimensións perxudican gravemente a visibilidade do entorno.

Visto que o Concello en todo momento está disposto ó diálogo e a causar o menor perxuízo posible, tanto os veciños afectados como as empresas anunciadoras e publicitarias, pero sempre debendo predominar os intereses dos veciños.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Rechazar tódalas alegacións antes resañadas.

2º.-Notificarlle as empresas titulares dos paneis que estes deben ser retirados no prazo máximo dun mes.

3º.-Unha vez retirados os paneis, ver as dimensións máximas que deben ter os mesmos e a súa ubicación en dita zona.

4º.-Consultar a Xunta de Galicia as dimensións que a súa normativa permite colocar ó lado das estradas para podelo aplicar supletoriamente.

5º.-Remitir os certificados da clasificación do suelo as empresas que o solicitan.

6º.-Esixir o cumprimento deste acordo atraves de multas coercitivas para o caso de incumplimento do mesmo, multas coercitivas que deben ter a cuantía mínima de 500,00 €e se deben requerir e repetir trimestralmente.

7º.-Facultar ó Sr. alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

6º.-ADHESIÓN Ó CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.

Visto o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, integrado pola Xunta de Galicia e os Concellos Galegos, mancomunidades e a fórmula xurídica escollida para unha xestión moderna e innovadora dos servizos sociais

Visto o regulamento interno do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Tratado o asunto suficientemente,

Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Adherir o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

2º.-Facultar ó Sr. alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

7º.-ESCRITO DO DIRECTOR XERAL DO IGVS, SOBRE DECRETO 1/2010 DE 8 DE XANEIRO, POLO QUE SE REGULA O REXISTRO ÚNICO DE

DEMANDANTES DE VIVENDA DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA.

Lido o escrito polo Sr. Secretario e visto o contido de dita comunicación,

O Pleno por unanimidade 11 de 11,

ACORDOU:

1º.-Darse por enterado da lexislación a que queda feita mención.

2º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

8º.-ESCRITO DE JUAN JOSÉ LÓPEZ MAGDALENA, SOBRE CESIÓN DO LOCAL DA ESCOLA DE LAGOS PARA “LOCAL SOCIAL”.

Visto o escrito presentado por D. Juan José López Magdalena, sobre cesión do local da Escola de Lagos para “Local Social”.

Visto o contido dos artigos 10,11,13 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Visto que esta cesión é a título gratuito.

Vista que a condición proposta debe cumprirse como mínimo polo prazo establecido no artigo 13 do Texto Legal antes mencionado.

Visto que por parte do Secretario se informa que as reformas que axa que facer no inmueble non poden superar o valor deste, debendo solicitar un informe técnico a aparelladora.

Visto que a condición ou modalidade onerosa fixada non supera o valor do ben.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Aceptalo local-escola cedido por D. Juan José López Magdalena, para destinalo a local social dos veciños da parroquia de Lagos, entendendo cumprida a condición cando se cumpra o establecido no artigo 13 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño, B.O.E. no 161 de 7 de xullo.

2º.-Pedirlle a aparelladora Municipal unha valoración do local.

3º.-Expoñelo no B.O. da Provincia, polo prazo de 20 días hábiles.

4º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asuntos

9º.- “ABASTECEMENTO DE AUGA A LAMA “, 3ª FASE , AUMENTO DE OBRA.

Vista a memoria valorada redactada por D^a M^a Nélica Carreiras Díaz, da empresa Singla Ingeniería S.L, de data maio de 2007, por importe de 45.238,47 €

Vista a factura N^o 09/01/00000016 de Gallega de Multiservicios y Contratas S.L., por importe de 13.669,89 €

Vista a memoria redactada por D. Javier López Pita, da empresa Singla Ingeniería S.L, de data enero de 2010, por importe de 59.121,91 €

Visto que polo Secretario se informa que os gastos destes aumentos de obras deberían estar sempre recollidos e contemplados en algún proxecto antes de executar as obras.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Recoñecer o pago dos gastos contemplados na factura de Gallega de Multiservicios y Contratas S.L. de 13.669,89 € con cargo o presuposto do exercicio 2010, ó considerar que as obras están executadas a maiores da primeira valoración, polo

erro cometido na memoria, dandolle o carácter ésta aprobación de recoñecemento extraxudicial de gastos.

10º.- ESCRITOS DE MARIA LUISA RODRÍGUEZ LÓPEZ:

A) DENUNCIA PLANTACIÓN DE PINOS NAS FINCAS “O CASTRO “ E “O AGRO”.

Visto o escrito epigrafiado no referente a plantación de pinos nas fincas antes mencionadas.

Por parte do Sr. Secretario informase da lexislación que na súa opinión debe aplicarse esta materia:

1º.-Ordenanza Municipal sobre distancia de plantacións que entrou en vigor o 13-07-2005.

2º.-Lei 3/2007 Prevención Contra Incendios Forestais, en concreto os artigos 26,21 e 22, artigo 26 referente a plantacións e o 21 e 22 sobre biomasa, disposición adicional 3ª e transitoria 4ª.

Para ver a lexislación que se aplica é necesario saber a data da plantación, xa que a ordenanza municipal non ten carácter retroactivo, mentres que a Lei si.. Esta Lei tanto para plantación como para biomasa marca unha distancia mínima de **50 metros que non pode haber nin biomasa nin plantacións, recollidas na disposición adicional 3º que fundamentalmente refierese a ecaliptos, pinos de toda clase, acacias e mimosas.**

Sobre a forma de iniciar os expedientes, sempre refentes esta Lei no caso de plantacións é directamente a Xunta e no referente a biomasa é necesario que o Concello faga un requerimento inicial, dando un prazo de 15 días para que se limpe e para o caso de que non se faga caso este requerimento remitir o expediente a Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural, xa que é este Organismo quen ten a capacidade sancionadora.

Polo que debe existir un informe técnico sobre as distancias das plantacións, biomasa e sobre antigüedad da plantación.

Para poder tomar un acordo é necesario saber : antigüedad das árbores, para ver o procedemento a inciar e os trámites a seguir.

Informa o Sr. Secretario que hai que distinguir entre asuntos de carácter privado e asuntos de carácter público, xa que o Concello en temas de carácter privado non ten ningunha competencia e non debe entrar en asuntos desa natureza, debendo únicamente entrar naqueles asuntos onde a materia ten carácter público ou competencia municipal.

Por parte do Sr. alcalde pon de manifesto que ó ser necesario que haxa un informe que o faga o técnico municipal Marcos Vázquez Marey e logo unha vez que se dispoña do informe traelo novamente a Pleno.

Acto seguido o Concelleiro Arturo Sobrado Castro pon de manifesto que como o escrito no fondo vai dirixido a el e a súa actuación como Concelleiro considera oportuno facer unhas aclaracións; el constalle saber que hai algo de expediente e que se foron ver as plantacións para facer o informe, que na Xunta de Galicia hai outra denuncia e que ambos expedientes estan nunha situación similar, quere deixar claro que el na demora deste expediente non ten ningunha responsabilidade ,xa que si el estivera en contra desta Srª non se incluírían os accesos a Laxes e a casa desta Srª no Plan E. Se eu quixera perxudicala non se lle poñeira un foco de alumeado público. O que debe facer o Concello na súa opinión non é só mandar un técnico do Concello, senon dar traslado do expediente a Xunta de Galicia e que el no referente as propiedades da súa muller están dispostos a colaborar en todo.

Por parte do Sr. Secretario informase que só se debe resolver o que sexa de competencia municipal que o que sexa da Xunta daraselle tralado a Xunta.

Por parte do Concelleiro do PSG-PSOE, a súa vez ex alcalde quere decir que el sempre respetou os traballadores e os funcionarios do Concello e recoñeceuno votando a favor das retribucións, pero como Alcalde que fun, un Alcalde non ten obriga ningunha en solicitar un informe por escrito, simplemente chega con ordenalo verbalmente, eu sei que encargei ese informe, é máis fun alí axudar a tomar medidas, por tanto informe hai e aquí votolles a reponsabilidade un pouco a tódolos traballadores do Concello, porque o pedin e fun axudar a facelo, si se lle mandou ou non se lle mandou xa non o sei, sinte ter que decir esto en contra dos traballadores, pero equi temos que estar todos as verdes e as maduras, a miña responsabilidade como Alcalde asumoa porque tiña que estar pendente de que eso se fixera. Continua manifestando que sin quitarse a reponsabilidade que tiña como Alcalde é responsabilidade do Concello, polo que os traballadores teñan a súa, pero continua recoñecendo que el pediu o informe.

Por parte do Secretario manifesta que oxe martes as 10 de maña examinou o expediente e non constaba ningún informe, que debería habelo, por suposto que si.

Como puntualización segunda manifesta que a esta Sr^a se lle comunique que o que dice nese escrito é moi grave, porque el como Alcalde naquel momento ten dereito a pedir explicación a esta señora ó respecto.

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que a explicación solicitarase cando se teña o informe

Tras un amplo debate o Pleno por unanimidade,
ACORDOU:

1º.-Solicitar un informe técnico ó técnico do Concello D. Marcos Vázquez Marey, sobre distancia de plantacións a vivendas, as fincas colindantes da denunciante, antigüedad da plantación e a biomásas colindante coas vivendas nos 50 metros.; informe que debe estar incorporado ó expediente o antes posible.

2º.-Unha vez que se dispoña do informe que sexa tratado novamente polo Pleno do Concello.

B) DENUNCIA SOBRE INCUMPRIMENTO DE ACORDO XUDICIAL EN RELACION A EXECUCIÓN DO CAMIÑO DE LAXES.

Visto o escrito epigrafiado.

Polo Sr. Alcalde pon de manifesto que se nomee unha comisión e vaia tamen un técnico e vemos o que ela alega si é correcto ou non.

Por parte do Concelleiro do PSG-PSOE Dario A. Piñeiro López, quere facer unha observación o día 19-12-2008 este proxecto foi o Pleno e aprobamolo todos, fíxose a obra e certificouse é decir a obra está perfecta, despois metense uns tubos e quero que conste en acta que cando se cambiou a reixa polos tubos eu como Alcalde dende eli chameina por teléfono e dixenlle que se ía cambiar a reixa por un tubo porque creo “que che vai mellor para a casa” e estivo dacordo. Quero igualmente, que conste en acta que pague os impuestos municipais que non o está facendo eu como membro da Corporación esixo que esta Sr^a pague os impostos que debe pagar.

O Pleno por unanimidade e maioría absolut,

ACORDOU:

1º.-Nomear unha comisión para que o día tres de marzo as doce horas vaia sobre terreo, que estara composta por :

Sr. Alcalde.

TEGA: Carlos Fernández Díaz
PSG-PSOE : Dario A. Piñeiro López.
BNG: Carlos S. López Sierra.

Axente de Desenvolvemento Local Marcos Vázquez Marey
E o técnico director da obra Oscar Iravedra.

2º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

11º.-RECOÑECEMENTO EXTRA XUDICIAL DE OBRIGAS, EXERCICIO 2009 , A PAGAR CON CARGO Ó ORZAMENTO DO ANO 2010.

Vista a relación de facturas correspondente o exercicio 2009, pendentes de pago:

| | |
|--|----------|
| Meson Alex-Logonoa, C.B, CIF:E-27372234, fac. nº 35, 5 menus palista | |
| Deputación | 42,48 |
| Meson Alex- Logonoa, C.B, CIF:E-27372234, fac. nº 54, 8 comidas | 154,08 |
| Obras e Servizos Miguez, S.L., CIF: B-27378603, fac. nº 05/09, 50 horas de | |
| Pala mixta en O Cousiño,Río e Bande | 1.740,00 |
| Asociación Terras do Miño, CIF...,Recibo Nº 91, pago cuota 2009 | 1.202,02 |
| J Salvador Bande, NIF:33834608-K, fac. nº 124, zavorra para camiño da | |
| Igrexia en Bande | 768,38 |
| J Salvador Bande, NIF:33834608-K, fac. nº 123, zavorra para camiño da | |
| Igrexia en Bande | 4.184,35 |
| J Salvador Bande, NIF:33834608-K, fac. nº 122, zavorra para camiño da | |
| Igrexia en Bande | 3.408,83 |
| J Salvador Bande, NIF:33834608-K, fac. nº 121, zavorra para camiño da | |
| Capela en Río | 1.291,31 |
| Moleskine S.L.L.,CIF:B27361955, fac. nº F-2649, tarxetas Nadal e | |
| Escudo Concello de Lán cara | 1.514,41 |
| Walter Vázquez Doval, (Meleiro), NIF:33346400-B, fac. nº 15, barandillas | |
| en :Montelora,Armillán,Río Villaesteva e Campo da Feira | 2.603,04 |
| Walter Vázquez Doval, (Meleiro), NIF:33346400-B, fac. nº 16, parrillas de | |
| Saneamiento en S- Pedro, Toldaos, Os Baos,Lán cara,Gradin,Vilarello | |
| Fonte de Lán cara e Stª Cristina en Toirán | 1.445,36 |
| Mesón O Pedregal, NIF:E27023373, fac. nº 311, comida do día Das | |
| Letras Galegas 17-05-09..... | 3.083,74 |
| I.M. Instalaciones S.L.L., CIF:B-27354265, fac. nº 00000150, arranxo | |
| Cadro da estación de bombeo de auga potable de Puebla-Lancara | |
| (subvencionados e ingresados 600,00 € por electricidade Valdriz, para | |
| pago de esta factura)..... | 1.427,35 |

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación ó recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1/2010, por importe de 22.865,35 € con cargo ó presuposto do exercicio 2010.

2º.-Pagar estes gastos de forma preferente con cargo ó presuposto do exercicio 2010.

12º.-MOCIÓNS

A)BNG:

-MANIFESTO “GALIZA TEN DEREITO” A FAVOR DA FUSIÓN DAS CIAXAS GALEGAS.

Lida a moción polo Sr. Secretario a petición do promotor da mesma.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Prestar aprobación a moción.

-PROXECTO DE “REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA COSISTORIAL DE CARRACEDO PARA CENTRO DE INTERPRETACIÓN HISTÓRICO DE LÁNCARA”.

Por parte do Concelleiro do BNG explicase que con esta moción pretendese que a antiga casa consistorial de Carracedo se rehabilite e se faga unha cousa que cree riqueza e emprego na zona, ademáis este domingo estivo comendo co Vicepresidente da Deputación en Sarria e recordoulle que a Deputación está disposta a colaborar con este proxecto.

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que non se vai aprobar esta moción xa que aprobar a moción como está sería comprometerse a aportar sobre 320.000,00 € (70% do proxecto) con cargo a fondos propios do Concello, ademáis xa nun punto anterior acordouse que se refomaríase o anteproxecto e una vez que se sepa o que custa irase a Deputación ou a donde sexa para buscar financiación.

Por parte do Concelleiro do BNG, replicase que esa financiación xa existe por parte da Deputación e de Agader.

Por parte do voceiro do PSG-PSOE D. Dario A. Piñeiro López manifesta que non entende como non se aproba esta moción cando lle están ofrecendo cartos para facer unha obra que é de gran interese.

Despois de discutido largamente o asunto, sometese a moción a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor : 5 (4 PSG-PSOE e 1 BNG)

Votos en contra:6 (4 P.P. e 2 TEGA).

Quedando por conseguinte rexeitada dita moción.

B)PSG.PSOE:

-MOCIÓN DO CONCELLEIRO ARTURO SOBREADO CASTRO, PARA SOLICITAR Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E INFRAESTRUCTURAS A SEÑALIZACIÓN DE LÁNCARA-POBRA DE SAN XIAO NO CORREDOR.

Lida a moción polo Sr. Secretario.

Explicada por parte do promotor da moción que considera que é moi necesaria esta sinalización.

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que o día seguinte de entrar de Alcalde foi facer xestións sobre este asunto acompañado de empresarios do sector do moble, incluso lle consta que este colectivo tivo outra reunión sobre este mesmo asunto. Sabe que non se vai poñer o cartel informativo da ruta do moble, non esta encontra da moción nin da súa aprobación, porque o anterior equipo de goberno foi inaugurar o corredor e puido xa manifestar que se puxeran estes carteis. Dentro de moi poucos días van a poñer un na rotonda de Nadela, xunto do que pon Santa Comba que poñerá “Puebla de San Julián-Láncara”.

Por parte dos voceiros do BNG e do PSG-PSOE, poñen de manifesto que estes carteis xa quedaron comprometidos do anterior equipo de goberno da Xunta.

Por parte do Sr. Alcalde contestaselles que si podían estar tramitados, pero que si non os puxeron non fixeron nada.

Despois de discutir longamente sobre este asunto, sométese a moción a votación , sendo aprobada a moción por unanimidade (11 de 11).

-MOCION SOBRE A CREACIÓN DUNHA MESA DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL.

Lida a moción polo Concelleiro D. Arturo Sobrado Castro.

Por parte do Sr. Alcalde manifestaselle que mentres estiveron no equipo de goberno presentáronse tres mocións para crear esta mesa de contratación e foron rexeitadas e non lle parece lóxico que se presente agora esta moción, polo tanto vai ser rexeitada, non supoñendo isto que no seu momento poida invitar os grupos de goberno para seleccionar persoal.

Sometida a moción a votación:

Votos a favor : 5 (4 PSG-PSOE e 1 BNG)

Votos en contra:6 (4 P.P. e 2 TEGA).

Quedando por conseguinte rexeitada dita moción.

-MOCION PARA INCLUIR A OBRA REHABILITACIÓN RECTORAL DE SAN PEDRO DE LÁNCARA NO PRÓXIMO OBRADOIRO DE EMPREGO.

Explicada a moción polo Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López, explicando e propón que se arranxe a rectoral do Val de Láncara, hai un compromiso asignado co Obispado e xa se mandou un proxecto a Patrimonio.

O Sr. Alcalde manifesta que non se vai aprobar esta moción xa que considera que é un convenio inviable, cedendolle a palabra ó Concelleiro de Cultura quen explica este asunto.

Por parte do Concelleiro de Cultura D. Andres Caballero López manifesta que só os materiais para arranxo da rectoral teñen un custo mínimo de 115.000,00 € xa que a man de obra contemplase que a faga un Obradoiro de Emprego, e que dentro deste presuposto non vai o arranxo da praza, que o convenio coa Diocesis recolle expresamente que os 25 anos a rectoral volve para a Diocesis, de non ser antes, ademais hai que facer un seguro de incendios a cargo do Concello, tódalas obras teñen que levar o Vº Bº do Obispado, deixarlle un local ó Sr. Cura, polo que isto máis que un convenio parece un negocio para o Obispado.

Por parte do Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López, entende que unha vez que se cumran os 25 anos se pode prorrogar o convenio.

Despois dun amplo debate, para rematar o Sr. alcalde manifesta que se vai votar en contra da moción baseado en que se rechaza o convenio, non a obra; sometida a moción a votación

Votos a favor : 5 (4 PSG-PSOE e 1 BNG)

Votos en contra:6 (4 P.P. e 2 TEGA).

Quedando por conseguinte rexeitada dita moción.

DECLARACIÓN DE URXENCIA.

Previa especial declaración de urxencia, feita co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros que integran a Corporación, prevista no artigo 82.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e artigo 213 da Lei 5/1997, Lei 22 de xullo de Administración Local de Galicia, por votar a favor de dita declaración os once Concelleiros que asistiron á sesión.

MOCIÓN SOBRE O RECOÑECIMENTO Á REAL ACADEMIA GALEGA A LUIS TOSAR

Copiada literalmente a moción di:

“Carlos López Sierra, Portavoz do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de Láncara, en base á legislación vixente e presenta a seguinte Moción sobre o Recoñecemento á Real Academia Galega e a Luis Tosar.

Exposición de motivos.-

O BNG de Láncara quere levar a pleno o recoñecemento a Real Academia Galega e o actor Luis Tosar.

A Real Academia Galega, na figura do seu presidente sainte, Xosé Luís Barreiro Rivas, fixo un grande esforzo para que o Día das Letras Galegas do ano 2009, adicado a Ramón Piñeiro, se celebrase en Láncara, aínda que houberan grandes presións para que ese evento se celebrase en Santiago e non na localidade natal do homenajeadado. Non queremos perder a oportunidade de desexarlle a mellor das sortes o novo presidente da institución, Xosé Luis Méndez Ferrín.

Por outra banda, o BNG de Láncara considera que e un momento axeitado para darlle un recoñecemento a Luis Tosar, galardoado co premio “Goya” ó mellor actor, vencellado a este Concello como firmante do Libro de Honra e agraciado co Premio Ramón Piñeiro “Facer País” na súa segunda edición. A pesares de estar nun acto de tanta importancia e relevancia no mundo do cine, Luis Tosar non se agachou a hora de utilizalo noso idioma para adicarlle o premio os seus seres queridos, polo que deu unha gran mostra de respecto polo galego.

Polo exposto, o BNG somete a consideración do Pleno o seguinte,

ACORDO

1.-Que o Concello de Láncara, co acordo do pleno, faga un recoñecemento a laboura da Real Academia Galega e a Luis Tosar polo seu gran traballo, cada un no seu ámbito, pola cultura galega e pola súa relación co noso Concello.

Láncara, 18 de febreiro de 2010”.

Despois dunha explicación sobre o contido da moción feito polo voceiro do BNG D. Carlos S. López Sierra, estando dacordo tódolos grupos políticos en facer un recoñecemento a laboura da Real Academia Galega e a Luis Toiar polo traballo e polo que esto supón para Galicia e para o Concello de Láncara .

Sometido o asunto a votación foi aprobada por unanimidade 11 de 11.

13°.-ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

Polo Concelleiro D. Arturo Sobrado Castro **ROGA** explicar o destino da carne que sobrou do día da “Terneira Galega”, xa que foi aludido no último Pleno.

Manifestando este que sobraron 10 caixas e repartíronse da seguinte maneira: 3 para festa de Toubille, 2 para a festa de Neira de Cabaleiros, 2 para os traballadores do Concello, 3 caixas Tino Concelleiro de Cultura para as Escolas Deportivas do Concello.

Por parte do Concelleiro Dario A. Piñeiro López **ROGA:** ó Sr. Secretario como Interventor que emita un informe económico sobre o que percibin dende o día que entrei de Alcalde ata o día que saín de Alcalde, onde faga mención a todo o que percibin deste Concello . E ó Sr. Alcalde que unha vez que teña este informe o remita a tódolos Concelleiros para que todo o mundo sepa o que cobrei ou non cobrei, porque hai comentarios e para evitar este comentarios pido ó Sr. Secretario que por favor faga ese informe.

O Sr. Secretario resposta que pola súa parte vai facer este informe o antes posible , de todas formas o que se cobrou esta ehi., e foi aprobado polo Pleno.

O Sr. Alcalde manifesta que non hai problema ningún en remitir o informe.

Continúa o Concelleiro Dario A. Piñeiro López e **ROGA** ó Sr. Alcalde que fora de temas políticos o grupo do PSG-PSOE está disposto a colaborar co Sr. Alcalde e co actual equipo de goberno en que os tema importantes deste Concello saían adiante, como son o Plan Xeral de Urbanismo que esta parado por falta do informe da Confederación Miño-Sil, antiga Confederación Hidrografica do Norte, Polígono Industrial, estrada de Pobra-Baralla, Cuartel da Garda Civil, cesión dos terreos da RENFE, etc. proxectos que están estancado e que por ben do pobo o seu grupo está disposto a colaborar de forma desinteresada polo ben do Concello.

Por parte do Sr. alcalde pon de manifesto que a propaganda tamén é importante xa que este ofrecemento só e propaganda porque o Plan Xeral se está sin aprobar é por culpa túa, antes de ser Alcalde, por ser eu un pouco blando e dexiar o asunto sobre a mesa varias veces, logo estiveche dous anos e medio e todo quedou como estaba e son coñecedor de que falta o informe da Confederación que non sei so perderon ou o comeron, ou que pasou con el, o que ten que facer ese señor, en lugar de andar cacarerando e que nos mande o informe favorable ou desfavorable.

No referente o terreno de RENFE este asunto non se pode tocar mentas que o tren non deixe de pasar pola vía de Pobra, cando funcione pola variante haberá que empezar a negociar estos terreos, incluso teño unha foto co Director de RENFE , decidolles nese intre, “ haber si era posible levar as oficinas do Concelle para RENFE”

O polígono industrial non se pode facer mentres non este o Plan Xeral aprobado.

Por parte do Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López, manifesta que o Plan Xeral esta neste intre parado por asuntos que non son culpa nin do actual alcalde nin do anterior, xa que na Conferación perdeus o expediente para informe que recibiron xa no ano 2002.

O Sr. alcalde manifesta que agora unha vez máis se retrasa polo PSOE, xa que quen ten que emitir o informe da Confederación, e que todo o retraso veu dado por deixar este asunto sobre a mesa e entre outras cuasas por unha Sr^a da Consellería de Cultura que pretendía pinchar tódolos edificios en Puebla e que todos tiveran 2 alturas, estando esta persoa vinculada a Patrimonio, quen emitia os informes sobre o Plan Xeral.

Tocante a estrada, o Sr. Alcalde manifesta que está loitando pola estrada fai moitos anos, e no presente ano estas loitando para que asignen cartos para a expropiación, levo tanto tempo liotando por este asunto que inda estaba o Sr. Cuiña de Conselleiro.

Pasando a discutir sobre o abastecemento de auga a Mourillos onde o Sr. Alcalde e ó Sr. Exalcalde se reprochan mutuamente as culpas dun a outro.

PREGUNTAS:

Pregunta o Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López, ¿Qué foi da becerra do ano 2007 e si o P.P. tiña algo que ver con ela, xa que via dentro da propaganda da feira?.

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que o Concello non tiña relación coa becerra, esta sorteouse e non apareceu o gañador no primeiro sorteo e non se fixo o segundo sorteo porque o Concelleiro que pregunta estaba de Alcalde e non permitiu que se fixera, cando llo pediu case de favor o Concelleiro José Manuel Neira Castro, ademáis supón que é como a lotería de non aparecer gañador dentro dun prazo prescribe.

Por parte do Concelleiro José M. Neira Castro, manifesta que por derradeira vez lle vai contestar este asunto, xa que as cuestións políticas ou non políticas debenas arranxar noutro lugar. Isto acabou e si ti queres seguir algo faino por vía xudicial como dixo o Concelleiro Arturo Sobrado fai un anáco, contra min ou contra quen queiras, esto esta acabado e non lle vou contestar nunca máis.

Por parte do Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López replicalle que vai preguntar en tódolos Plenos.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión, por orden do Sr. Alcalde, sendo as vinte e duas horas e cinco minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.